

Se falamos en termos proporcionais, o portugués é o pobo que, en relación á súa demografía, máis presente foi polo mundo adiante. Na época dos descubrimentos, os séculos XV e XVI, os irmáns da outra beira do Miño tiveron que facer da necesidade virtude. A diferenza de Castela, que colonizou as terras conquistadas, a limitación po- boacional levou aos "bos fillos de Luso" a preferiren unha expansión protoca- pitalista con compañías de comercio e axentes portuarios e de navega- ción. En consecuencia, iso impediu unha maior pe- netración cultural.

Os tópicos sempre son arriscados porque consti- tución a caricatura. Pero un- ha caricatura, por distor- sión que sexa, reflicte tamén unha realidade. E o tópico, no caso portugués, representa unha realida- de que, dun xeito metafísi- co, vai acompañada, des- de os séculos, desa rendi- ción ao destino –común aos galegos, pero máis in- tensa aínda– que é a sau- dade, a melancolía nacio- nal.

Saudade de dimensión patria e saudade de di- mensión individual, á ma- neira de racións alicuotas da primeira. E na arte que os pobos expresan de ma- neira máis ou menos esp- ontánea, a súa realidade, a música, a saudade... non podían estar ausentes en Portugal. E así, cando as cidades comezaron a ga- ñar a hexemonía social coa chegada do século XIX, os parias que as habi- taban precisaban expre- sar o desengano cotián que, proxectado no tempo futuro, adquiriu dimen- sión de derrota colectiva.

Se en Bos Aires e Mon- tevideo –portos de chega- da de inmigrantes– naceu o tango, nos barrios popu- lares de Lisboa –a deca- dencia dentro da deca- dencia– naceu o fado, vai xa máis de século e me- dio. O seu berce foi o bar- rrio da Mouraria –din as crónicas que na voz dun- ha prostituta, Maria Severa Onofriana– e comezou un percurso que o levou, hai tan só uns días e can- do a comisión da Unesco responsable do asunto asinou o acordou en In- donesia, a figurar inscrito na listaxe do Patrimonio Inmaterial da Hhumani- dade.

Pero así como o fla- menco e mais o tango –outras músicas popu- lares urbanas que xa foran incluídas na mesma cate- goría a prol da súa conser- vación– admiten a ironía, o sarcasmo ou aberta- mente a alegría –caso das bulerías–, o fado lisboeta queda limitado as máis



Barrio de Alfama (Lisboa).



Fado de Coimbra.



Amália Rodrigues (1920-1999).

Tudo isto é Fado

Un patrimonio para a Humanidade

JOAQUIM VENTURA

Amália, Rainha

Nacida no seo dunha familia humilde en xullo de 1920, Amália da Piedade Rebordão Rodrigues –despois de exercer diversos ofi- cios, entre os cales vender froita ou traballar de bordadora– debu- tou aos dezanove anos no Retiro da Severa, un local que acollía re- gularmente música popular e ao que asistían os empresarios das casas de fados da Alfama, Bairro Alto e Mouraria.

En 1940 Amália casa co guita- rrista Francisco da Cruz. Non eran aqueles bos tempos para viaxar e por esa razón a súa pri- meira actuación fóra de Portugal tivo lugar en Madrid en 1943. Dous anos máis tarde gravou o seu primeiro disco, en Brasil, e foi a partir de actuar nos Estados Unidos cando comezou a levar o fado polo mundo adiante, mais

sen caer na tentación do show business. O autor destas liñas foi testemuña da súa actuación, na xira de despedida, no Palau de la Música barcelonés no ano 1990, concerto ao que asistiu o presi- dente Jordi Pujol, quen a homena- xou.

Como aconteceu con tantos artistas que traballaron en tempo de ditadura, ningún podía obri- garlos a non deixarse manipular ou a soste- r un compromiso en contra, se iso podía poñer en ris- co o seu oficio. Amália Rodrigues

non foi diferente, e durante moi- tos anos ficou asimilada ao sala- zarismo.

Cando morreu en 1999, ade- mais de facerlle funerais de Esta- do na Basílica da Estrela, foi ente- rrada ao ano seguinte na sala de escritores ilustres do Panteón Na- cional. Daquela coñeceuse que a gran fadista axudara economicamente ao PCP nos anos da dita- dura.

A súa irmá Celeste Rodrigues, que aos oitenta e oito anos actua- rá en xaneiro no Carnegie Hall novaioirqués, sostíña días atrás que hai novas e boas xeracións de fadistas. Segundo ela, o fado recuperou o seu pulo porque nunca foi político e, unha vez tira- do o lastre da manipulación sala- zarista, volveu ao pobo, onde na- ceu

das veces a cantar os de- samores, os desenganos, os ciúmes, as nostalxias. Emparentaría así coas so- leás e as seguriyas fla- menca.

Co tempo, o fado esten- deu a súa presenza a ou- tros barrios populares de Lisboa como Alfama, o Bairro Alta e a Madragoa, onde era interpretado en tabernas e nas "casas do fado", equivalente en can- to á función aos "tablaos" flamencos. Cando come- zou a ser recoñecido pol- as elites intelectuais de hai un século, o fado pa- sou a incorporar letras es- critas ex professo por poe- tas ou a adaptar poemas xa existentes, incluso de Luis Vaz de Camões.

*Almas vencidas,
noites perdidas,
sombras bizarras,
choram guitarras...*

Mais o que viña ser un- ha música popular limita- da a Lisboa, pasou a ter di- mensión nacional co sala- zarismo, circunstancia que levou a xustificar su- bliminalmente a ditadura –contra o destino non se pode loitar– e a retroali- mentar a saudade como única expresión posible da lusitaneidade. Ade- mais, a aparición dunha cantante extraordinaria, como foi Amália Rodri- gues, conlevou o espalla- mento do fado por todo o mundo, nunha das pou- cas manifestacións cultu- rais portuguesas fóra das súas fronteiras. O fado, que nacera pobre, local e canalla, pasou a ser, xa que logo, embaixador do Portugal salazarista.

Despois da Revolución de 1974, –tal e como suce- deu en España coa copla despois do franquismo– o fado tivo que atravesar o seu particular deserto. Connotado ao réxime di- tatorial e ás xeracións pre- cedentes (música "dos ve- llos"), necesitou de procu- rar as orixes (con fadistas como Carlos do Carmo, fi- llo de Carmília do Car- mo) para renacer para un novo público con novos compositores, novas pro- postas e novos artistas co- mo Mísia, Dulce Pontes, Kátia Guerreiro, Car- minho, Raquel Tavares, Mariza ou Camané.

Hoxe en Portugal os fa- dos supoñen unha quinta parte do negocio disco- gráfico. Alén diso, as rai- ceiras fadistas estiveron na renovación musical con grupos como Madre- deus. Porque seguimos a desamar e a ser desama- dos. Como ante e como mañá.